

EDONOMIA SUMERXIDA MUY B
SOY
QUIE
ROCK
STINTO
MINA TO
ASSW
ERROR
ALEGRAMA
NO MIRES A LO OJOS DE LA GENTE
PAGA UN HUEVO
ANK
ASES
LO EST
HACIEN
MUY BIE
FIESTA
DE LOS
MANIQUE\$

Estrella
Galicia
PRESENTA




NON TES QUE SER DOS 80 PARA VIVIR OS 80



AGADIC



servinova.com
902 504 500



www.galiciacanibal.com



INDICE

FICHA TÉCNICA.....	4
FICHA ARTÍSTICA.....	5
A MOVIDA CONVÉRTESE EN MUSICAL.....	6
TRES XERACIÓNS UNIDAS POLA MOVIDA.....	7
SINOPSE.....	8
UNHA COPRODUCCIÓN CANÍBAL.....	9
PRODUTOS DERIVADOS DO MUSICAL.....	10
CALENDARIO.....	11

FICHA TÉCNICA

Estrella Galicia e Filmanova Invest presentan **Galicia Canibal, O Musical**, un espectáculo musical e teatral construído arredor da Movida Galega e de tódolos grupos que, ó longo dos anos 80, protagonizaron un dos movementos musicais, estéticos e sociais máis importantes das últimas décadas en España.

Producido por Estrella Galicia e Filmanova Invest en coprodución con AGADIC e coa colaboración do Centro Dramático Galego (CDG), **Galicia Cani-**

bal, O Musical iniciará o seu percorrido o vindeiro mes de xullo 2012 cunha xira por teatros de Galicia. No Centro Cultural Novacaixagalicia de Vigo, no Auditorio de Galicia de Santiago, no Auditorio Municipal de Vilagarcía e no Teatro Colón de A Coruña. En setembro estreárase no Nuevo Teatro Alcalá de Madrid, onde permanecerá en cartel ata finais de outubro. No 2013 o musical xirará por cidades como Barcelona, Zaragoza, Bilbao, Santander ou Oviedo.

PRODUTORES:

Estrella Galicia e Filmanova Invest en coprodución con AGADIC e coa colaboración do Centro Dramático Galego (CDG).

IDEA ORIXINAL:

Antón Reixa.

TEXTO ORIXINAL:

Fran Peleteiro e Antela Cid.

ADAPTACIÓN DO TEXTO E DRAMATURXIA:

Quico Cadaval e Evaristo Calvo.

DIRECCIÓN ESCÉNICA:

Quico Cadaval.

DIRECCIÓN MUSICAL:

Pablo Novoa (ex Golpes Bajos).

DIRECCIÓN ARTÍSTICA:

Curru Garabal.

COREOGRAFÍA:

Mónica García.

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN:

Xabier Eirís.

DESEÑO DE ILUMINACIÓN:

Paco de Pin.

DESEÑO DE VESTIARIO:

Carlos Alonso.

DESEÑO DE SON:

Luis Antelo.

MAQUILLAXE E PERRUQUERIA:

Trini Fernández.

GALICIA CANÍBAL SUPÓN UN
HIMNO PARA CASE TRES XERACIÓNS

FICHA ARTÍSTICA

O elenco está formado por 10 profesionais do xénero musical:

CASTING

PERSONAXE

ACTOR / ACTRIZ

ANA / MARGA

Ana San Martín

DAVID

Sergio Zearreta

MONCHO

Víctor Mosqueira

CARINA

María Costas

CHARO

Teté Delgado

LOIS

Juanillo Esteban

ASUN

Rosalía Castro

PATRI

Iolanda Muíños

LOLO

José Carlos Illanes

5º HOME

Iván Marcos



A MOVIDA CONVÉRTESE EN MUSICAL



6

Galicia Canibal, O Musical, supón o desembarco da Movidia Galega dos 80 no xenero dos musicais que, nos últimos anos, ten revitalizado o panorama musical e teatral español e, en particular, a Gran Vía madrileña, creando o chamado Broadway español.

Trátase dunha idea orixinal de Antón Reixa, o mítico cantante dos Resentidos, un dos grupos máis destacados daqueles anos de explosión cultural

FERROL – LOS LIMONES
CIUDAD ENFERMA – BAR
BAILARÉ SOBRE TU TUMBA – SINIESTRO TOTAL
SOY UNA PUNK – AEROLÍNEAS FEDERALES
TIPI, DULCE TIPI – SINIESTRO TOTAL
ASSUMPTA – SINIESTRO TOTAL
NO MIRES A LOS OJOS DE LA GENTE – GOLPES BAJOS
ECONOMÍA SUMERXIDA – OS RESENTIDOS
SÓLO SOY UNA ALIMAÑA – LOS CAFRES
SITIO DISTINTO – OS RESENTIDOS
QUIERO ROCK'N ROLL – AEROLÍNEAS FEDERALES
CULTURA POPULAR – MONCHO E MAI-LOS SAPOCONCHOS
LO ESTÁS HACIENDO MUY BIEN – SEMEN UP

que marcaron a millóns de persoas. A súa canción máis coñecida, Galicia Canibal dá título ó musical. O espectáculo xira arredor dunha historia que, contada desde o ano 2012, nos transportará ós anos 80. Os libretistas, Antela Cid e Fran Peleteiro, escribiron un espectáculo musical baseado na movida e con temas de Siniestro Total, Aerolíneas Federales, Los Cafres, Semen Up, Golpes Bajos ou Los Limones, entre outros.

GALICIA CANÍBAL – OS RESENTIDOS
SECTOR NAVAL – OS RESENTIDOS
VAMOS MUY BIEN – SINIESTRO TOTAL
DE HOY NO PASA – SINIESTRO TOTAL
ME PICA UN HUEVO – SINIESTRO TOTAL
NO SÉ LIGAR – AEROLÍNEAS FEDERALES
ASESINÉ A MI NOVIO – AEROLÍNEAS FEDERALES
MALOS TIEMPOS PARA LA LÍRICA – GOLPES BAJOS
NO ME BESES EN LOS LABIOS – AEROLÍNEAS FEDERALES
FIESTA DE LOS MANIQUÉS – GOLPES BAJOS
MIÑA TERRA GALEGA – SINIESTRO TOTAL
ETC

TRES XERACIÓNS UNIDAS POLA MOVIDA



7

Corren malos tempos para a lírica nun lugar marcado pola economía sumerxida e o paro extremo no sector naval. Unha adolescente que non lle atopa sentido á vida é “salvada” pola música da movida galega dos 80.

Unha historia sobre dez personaxes que encarnan a tres xeracións distintas:

- A protagonista adolescente que, nacida na década dos noventa, ten no millor dos casos unha idea vaga do que sucedeu na década anterior.
- Os trintañeiros que a acompañan; esa xente que, contra todo pronóstico, vai vivir peor ca os seus pais.
- Un matrimonio de 50 anos que viviu a movida en primeira persoa.

Un suceso extraordinario, un divorcio irremediable, unha historia de amor, as vivencias dun xoven de 30 anos obrigado a volver á casa de mamá e papá, as danzas das novas tribus urbanas dos hiphoperos, hardcoretas, parkoures e neopunks son, entre outros, os elementos narrativos que encadran o argumento do musical.

Primeiro foi a selección de cancións, logo veu a rigurosa documentación sobre do que ocorreu nesa época e, finalmente, a realización de entrevistas que recollen a testemuña dos protagonistas da movida: artistas plásticos, músicos e xente da noite viguesa.

UN MUSICAL COA REALIDADE ACTUAL DUNHA CIDADE COSTEIRA E OBREIRA



SINOPSE

Ano 2012. Unha gran cidade portuaria. A nosa protagonista é Ana, unha adolescente solitaria que quere acabar coa súa vida. Demasiado apoucada para ter amigos e pouco aloucada para conseguilos, Ana é vítima da conxestión familiar, está sumida na desidia e ten unha sola certeza: nada pode cambiar.

Cando intuimos unha traxedia fatal, xusto antes de que Ana se lance ó vacío, sucede algo extraordinario: a súa tía Marga, unha estrela rockera dos oitenta da que Ana pouco sabe, morre repentinamente, suceso que a empuxará a unha conexión especial, un vínculo que a transformará por completo.

Que Marga esté morta non vai impedir que dé o seu derradeiro concerto. E é que un pacto paranormal entre mulleres pode con todo. Para cumprir o seu propósito, Marga necesita convencer a David, irmán de Ana e guitarrista dunha banda na que leva quince anos sendo só unha promesa. E David non está para parvadas. Con trinta e tantos e vítima da precariedade xuvenil, vese obrigado a volver a casa de papá e mamá. E para colmo o abandona Assumpta, prometedora xornalista que radiografía todo o

que ocorre na cidade e que se reencontrará co seu 'ex' revolvéndolle antigas emocións que terá que gobernar.

E a situación dos pais da familia non é que sexa mellor. El afronta os seus cincuenta con un ERE do metal e ela un proxecto de divorcio porque, sinxelamente, esgotaráselle a paciencia.

Mais eles tamén vivirán a conexión especial: foran testemuñas directas da Movida e agora afrontarán ás súas canas rescatando o seu inesquecible gamberrismo ante a sorpresa de todos.

Tres xeracións veranse electrificadas pola forza, a rabia e a diversión dos oitenta. Tres maneiras de ve-la vida serán testemuñas do regreso ó escenario de temas que o tempo ten convertido en himnos.

Así é este musical, un espectáculo caníbal, ideal para comerse o mundo de novo. Ou por primeira vez, porque fascinará igual ós que viviron esa explosión de creatividade que supuso a Movida cos que aínda non a teñen experimentado.

UNHA COPRODUCCIÓN CANÍBAL

Producido por Estrella Galicia e Filmanova Invest en coprodución con AGADIC e coa colaboración do Centro Dramático Galego (CDG), **Galicia Canibal, O Musical** iniciará en xullo de 2012 unha xira por teatros en Galicia. Será en setembro cando chegue ó **Nuevo Teatro Alcalá** de Madrid e a cidades como Barcelona, Zaragoza, Bilbao, Santander ou Oviedo nos primeiros meses do 2013.

Despois de anos de colaboración en diferentes proxectos audiovisuais, **Estrella Galicia** e **Filmanova Invest** únense neste ambicioso proxecto para presentaren un musical divertido que homenaxea a aquela xeración dos anos 80, á súa

música, ós seus músicos e ós seus grupos, auténticos fitos na recente historia de Galicia.

Nun momento no que o musical emerxe e se vai consolidando, apostan por deseñar e producir un espectáculo desde unha visión actual e moderna que mova á xente a lembrar e disfrutar daqueles temas.

O musical, en tono de comedia de enredo, preséntanos dez personaxes que encarnan tres xeracións. O elenco actuará, cantará e bailarará en oito decorados diferentes durante máis de dúas horas. Os diálogos, ademais, terán versión en galego e castelán.



AGADIC

Agencia Galega das Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA



PRODUTOS DERIVADOS DO MUSICAL



10

Desde o proceso de casting, pasando polos ensaios e a xira do musical, un equipo audiovisual recollerá os mellores momentos. Este rexistro producirá:

- Un libro-disco-cd coa BSO (banda sonora orixinal) do musical que poderase comprar nos teatros e nos espectáculos ó aire libre.
- Unha peza audiovisual para TV.
- Un merchandising específico para **Galicia Canibal, O Musical** que poderá adquirirse ó saír do espectáculo.



GALICIA CANÍBAL 2012




XIRA GALICIA VERÁN

VIGO (CENTRO CULTURAL NOVACAIXAGALICIA).....Do 12 ao 15 de xullo
SANTIAGO (AUDITORIO DE GALICIA).....Do 18 ao 21 de xullo
VILAGARCÍA (AUDITORIO MUNICIPAL).....Do 2 ao 5 de agosto
A CORUÑA (TEATRO COLÓN).....Do 9 ao 12 de agosto



MADRID

ESTREA (NUEVO TEATRO ALCALÁ).....13 setembro 2012
Previas do 23 ó 31 de agosto de 2012



XIRA GALICIA INVERNO

MONFORTE, PONTEVEDRA, OURENSE, LUGO.....novembro e decembro

XIRA NACIONAL 2013

UN EQUIPO AUDIOVISUAL RECOLLERÁ OS MELLORES MOMENTOS DO ESPECTÁCULO



EDICIÓN ESPECIAL Estrella Galicia 


Estrella Galicia lanza unha edición especial de botellas da súa cervexa máis emblemática para hostelería en honra ao musical **Galicia Canibal**.



GRACIAS



AGADIC



servinova.com
902 504 500



Estrella Galicia recomenda o consumo responsable